

Marea Pontevedra entra en campaña electoral para gobernar o concello.

Temos elixido o candidato á alcaldía, Luís Rei, e as persoas que o acompañarán nos dez primeiros postos da candidatura. As restantes persoas que conformarán a lista ás municipais do 26 de maio, serán propostas a esta Asemblea no mes de marzo pola coordinadora xeral da Marea atendendo a criterios de idoneidade, xénero, idade e representatividade social e parroquial. A incorporación de Teresa Casal como número dous da candidatura, avala o camiño que temos emprendido de forza **propositiva**, con **coherencia**, **credibilidade** e **capacidade** para gobernar Pontevedra.

Segundo a enquisa máis influínte publicada recentemente do equipo Sondaxe, no escenario do país Luís Rei sitúase como o segundo líder máis valorado do espazo das Mareas e Marea Pontevedra é a única marea das cidades que sube en intención de voto. No escenario da concello, Luís Rei é tamén o segundo líder máis valorado.

En relación ás outras forzas que compoñen a actual corporación municipal:

O BNG que pretende acadar unha maioría absoluta, conta como activos o candidato, a rede clientelar que ten tecida en distintos ámbitos do concello, incluídos os medios de comunicación e sectores económicos, e a publicidade do “modelo de cidade”, e na resta, o cansazo da veciñanza do Lorismo, que comeza a estar presente no concello, polas carencias en participación cidadá, conflitos presentes como a EDAR e a A57, incompetencia na xestión, privatización de todos os servizos e desatención aos sectores máis desfavorecidos.

O PP conta cun candidato pouco crible, presenta un discurso que pretende ser similar ao de Marea Pontevedra, de superación do Lorismo, e está afectado polo declive do partido en todo o estado.

O PSOE preséntase cun discurso de satélite do BNG, non sae a gañar, pretende ser a chave que permita o goberno do Bloque de Lores. Intentarán apropiarse do efecto Sánchez, coa posición de goberno no estado, pero carecen de simpatías no candidato e no equipo.

C’*s* está inmerso a nivel nacional no discurso da dereita conservadora, lonxe da transversalidade e radicalidade democrática que os impulsou na súa construción. E non teñen definida a continuidade da súa candidata

Marea Pontevedra: Somos un equipo entusiasta, cohesionado, con traxectoria e experiencia de actividade política nos últimos catro anos, que temos situado os problemas da cidadanía no centro do debate, o que nos ten permitido incorporar a axenda do concello cuestións totalmente esquecidas polo goberno municipal: a xustiza social (renda social, transporte, saúde (Hospital) atención á infancia e aos maiores...), o ambiente ( A57, EDAR, Xunqueiras, Touradas ...) e a

participación cidadá, (xestión pública dos servizos) no que temos denominado Camiño 19, pendente da presentación nos meses de marzo e abril doutras propostas (vivenda, parroquias, emprego e participación cidadá), que completen a nosa aposta para Pontevedra

Sobre outras forzas políticas, Vox é a grande incógnita que requerirá unha posterior análise.

E seguimos na liña de procurar que as forzas que nos acompañaron nas anteriores eleccións municipais, nos acompañen nesta novo exame electoral do 26 de Maio.

O modelo do Bloque de Lores está esgotado, e presentámonos para gobernar o concello, cunha candidatura forte e preparada.

O convenio de colaboración asinado con En Marea, vai permitir que Marea Pontevedra comparta apelido con candidaturas irmáns na meirande parte dos concellos que conforman o noso partido xudicial, así como en numerosos concellos da provincia e de Galicia. A presenza da Marea no goberno da Deputación é plenamente crible.

Marea Pontevedra é quen ofrece a posibilidade real de que cambien as cousas. O escenario do descontento co Bloque de Lores e o desinfe do PP, resulta un desafío fundamental para a Marea, de acadar esa posición central dos votos que quedan orfos. Sumando ao mesmo tempo voto atraído pola incorporación de Teresa Casal ao noso proxecto como referente da rigorosidade, coherencia e compromiso de traballo por Pontevedra. Independentemente do resultado que a Marea acade nas eleccións municipais, e da correlación de forzas resultante, as concelleiras electas de Marea Pontevedra avalarán co seu voto a investidura de Luís Rei como alcalde. Será labor do candidato máis votado na sesión constitutiva, conseguir os apoios necesarios para gobernar o concello coa estabilidade que merecen as veciñas de Pontevedra.

No mes de abril levaremos a cabo un gran acto coa participación de distintos sectores que conforman o tecido social do concello, que nos permita presentar as credenciais coas que Marea Pontevedra se presenta para gobernar o concello nos vindeiros catro anos.

Para xestionar o traballo que temos por diante, a coordinadora ven de nomear un Coordinador de acción electoral, responsable de coordinar, xunto ao Equipo técnico de apoio, o deseño e unidade da campaña, as relación cos medios de comunicación en asuntos publicitarios e a comunicación colaborativa co responsable de campaña de En Marea e das Mareas da ría. Temos aprobado un plan de acción electoral e precisamos de todos os activos que nos queiran acompañar, desde todas as esquinas e recunchos porque chegou a hora de facer unha Pontevedra para as persoas e coas persoas.

A primavera democrática vai ter luz no concello de Pontevedra da man de Marea Pontevedra.